

Amores célebres: Napoleón e Xosefina (II)

XULIO VALCÁRCEL
xuliolv@gmail.com



A relación cambia de signo, Xosefina convértese na parte feble e, ante o desleixo do home, pasa a ser a vítima suplicante

Días despois de casar, Napoleón Bonaparte toma o mando do Exército francés en Italia. "Soldados: estades mal vestidos e peor alimentados. O goberno débevos moito. Agora tendes a ocasión de que sexan vosas grandes provincias e ricas cidades.

Agloria e a riqueza agárdanvos". As tropas estaban altamente motivadas, contaban cun sistema de comunicacións a distancia e cunha espionaxe moi eficaz: coñecer con antelación os plans do inimigo facilitou a vitoria en varias batallas. Ausente Napoleón, o matrimonio non foi óbice para que Xosefina continuase coas festas, nas que tiña especial protagonismo o teniente de "húsares" Hippolyte Charles. Os rumores destas andanzas chegaron ao xeneral que, disgustado, expulsou a Xosefina da súa casa. Non obstante, puido máis o amor e volveuna acoller.

En 1804 Napoleón é coroado emperador (co apoio dos vellos rexicidas revolucionarios), comeza unha

vida aloucada na que Xosefina xa non conta: Napoleón ofrécelle éxitos militares, pero desaténdea no amor. Disfruta, en cambio, doutras conquistas femininas que a erótica do poder lle propicia. Xosefina sente que o perde, muda de actitude e convértese nunha apacíbel esposa, temesiña e implorante, máis preocupada do luxo que da luxuria. Napoleón desprézaa, mesmo hai testemuños de malos tratos físicos, aínda que perdure algo do vello amor.

O nacemento do seu primeiro fillo, Charles Leon, con Louise Éléonore Denuelle, disipa as dúbidas sobre a súa capacidade procreadora, pero deteriora máis a convivencia con Xosefina. En 1807, conquistada Polonia, que re conquistar tamén a polaca María Waleska, que non o acepta, e acaba sometida con ameazas. Teñen un fillo, Alexandre, e manteñen a relación catro anos máis, ata o desterro de Napoleón en Elba. No entanto, Xosefina lamenta o seu desamor. Vingativo e renarte, Napoleón proíbelle que vaia a velo e humíllaa con desplantes e sarcasmos: "Díme que non fas máis que chorar. Vaia. Que mágoa! Rin de vez con iso de que te casaches para estar co teu marido; eu crin que a muller estaba feita para o marido; e o marido para a patria, a familia e a gloria; per-

dón pola miña ignorancia, sempre se aprende algo coas nosas belas damas!".

Vinganza

Ferido no orgullo, Napoleón cobra ben as vellas afrentas. Xosefina sofre, desespera, teme o divorcio e toma a extravagante decisión de proveer de amantes o seu marido. Pensa que desamaneira poderá conservalo, pero Napoleón é autoritario, despótico e cruel, cunha ambición sen límites e un ego hipertrófico. Un auténtico psi-

cópata, sen ningunha empatía. A súa única meta, a súa única ambición é o triunfo social, o medre económico e o éxito persoal. Baixo o seu mando, todos son pacientes instrumentos ao servizo da súa innata superioridade.

A Napoleón salvouno vivir nunha época na que as matanzas se consideraban vitorias e os exterminios glorias. Do contrario falaríamos del co mesmo espanto que de Hitler ou Stalin. Pero viviu nun tempo no que a conquista e a guerra aínda mantiñan o seu escuro prestixio.




Ilustración de Pedro Bueno Salto

libros Recomendados



AREAL. REVISTA CULTURAL DE SADA VARIOS AUTORES

EDITA A.C. IRMÁNS SUÁREZ PICALLO. SADA, 2018. 68 PÁGINAS.
Edmundo Moure, Iago Santalla, Monterroso Devesa, Pérez Prieto, Carmen Blanco o Manuel Luguís Rodríguez, son algunos de los autores que colaboran en el último número de esta interesante publicación.



EMILIO CELEIRO

EDITA XUNTA DE GALICIA. MADRID, 2008. 20 PÁGINAS.
Uno de los artistas plásticos más queridos y reconocidos, presenta una exposición que recoge buena parte de su obra. Círculos, diseños casi mágicos, peces, son motivos recurrentes. Textos a cargo de María Xosé Bravo.



LES BECS JASENT BRITT LE GUEN Y FRANÇOIS GOÄLEC

EDITA LES PASSEURS DE RIMES. FRANCIA, 2018. 71 PÁGINAS.
Jean-Yves Saez es uno de los artífices de este libro que combina imágenes y poesía. Se trata de una hermosa edición donde los caligramas convierten este volumen en una propuesta original y artística.



PARDINES. CUANDO ETA EMPEZÓ A MATAR VARIOS AUTORES

EDITORIAL TECNOS. MADRID, 2018. 320 PÁGINAS.
El 7 de junio de 1968 ETA asesinó al joven guardia civil José Antonio Pardines. El cadáver presentaba cinco heridas de bala en el torso. La funda de su arma reglamentaria seguía abrochada. La primera víctima de ETA no había podido defenderse.